

ideqs ilustradas

17.- As ideas fundamentais do pensamento ilustrado. A Ilustración foi o movemento intelectual máis característico da Europa do século XVIII. Partindo da crítica ao pensamento tradicional e a sociedade do seu tempo, a Ilustración defendeu o coñecemento baseado na razón para loitar contra a superstición e a ignorancia, así como fomentar as ciencias experimentais que, xunto co desenvolvemento económico e as reformas sociais e políticas, levarían ao progreso e o benestar. Na procura dos seus obxectivos, os ilustrados españois propuxeron proxectos de reforma que buscaban solucionar os problemas que rexistraba a España do s. XVIII: a ignorancia, o atraso económico, a debilidade da agricultura, os privilexios estamentais ou as formas de goberno, foron asuntos de reflexión da Ilustración española. Consideraban que todas as persoas buscan a felicidade e que iso debe ser a base dunha organización social racional. Deste xeito, débese respectar a liberdade individual e a igualdade de dereitos e obrigacións de cada persoa. Estas ideas cuestionaban os fundamentos da sociedade estamental, baseada na desigualdade e os privilexios. A defensa da liberdade tamén marcou o pensamento económico e político. Influidos pola fisiocracia e o liberalismo económico apostaron por liberalizacións para fomentar o desenvolvemento. Así foron partidarios da liberdade de comercio e opuxéronse ao réxime señorial que convertía en propiedades invendibles (amortizadas) as que pertencían á Igrexa ou a morgados nobiliarios. A nivel político, as ideas da Ilustración francesa, como a separación de poderes, influíron nos pensadores españois pero a maioría optou por colaborar coa monarquía e así impulsar as reformas dende o goberno. Para os ilustrados o papel do ensino era fundamental para a mellora cultural do país e o seu progreso. Deste modo propuxeron un ensino básico obrigatorio que permitira superar a ignorancia e as supersticións que tanto criticaron autores como Feijoo, defensores dun cristianismo racional e crítico. Ao longo do s. XVIII estes principios ilustrados inspiraron proxectos reformistas que tiveron un impacto limitado dado que o movemento foi feble en comparanza con outros países europeos, renovaron a cultura e a economía española: - Na primeira metade do s. XVIII destaca o labor intelectual crítico co pensamento tradicionalista de algúns ilustrados como o padre Feijoo e Mayans. - Na segunda metade do século o reinado de Carlos III (1759-1788) é o exemplo do despotismo ilustrado en España. Esta forma de goberno intentaba desenvolver políticas reformistas inspiradas nos principios ilustrados sen renunciar ao absolutismo político. Carlos III, que tivera contacto coa Ilustración en Nápoles, rodeouse de políticos ilustrados como o conde de Aranda, o conde de Floridablanca, Campomanes, Jovellanos ou Olavide para impulsar os seus plans de modernización. Campomanes, ministro de Facenda, criticou as propiedades rurais amortizadas en mans da Igrexa e patrocinou as Sociedades Económicas de Amigos do País. Tamén destaca Olavide, intendente de Andalucía, que planificou as colonizacións de Serra Morena e cuxas opinións críticas coas supersticións relixiosas, fixeron que fose condenado pola Inquisición. Pero o temor provocado na Coroa pola Revolución Francesa motivou a paralización da axenda reformista e o abandono da Corte algúns colaboradores ilustrados como Campomanes e Jovellanos. Con todo, da Ilustración nacerá o foco de pensamento liberal español que será protagonista a partir de 1808 e apostará pola ruptura co Antigo Réxime.